

DROPBOX, DISCO VIRTUAL




1) Dropbox permite crear un disco virtual con 2 Gb de capacidade ao que podes acceder desde calquera computador con conexión a Internet. No disco virtual podes aloxar os teus arquivos e acceder a eles desde outro computador, por exemplo, desde o Instituto, introducindo a túa clave e contraseñal. Ten moitas funcións, entre as máis importantes está poder compartir os arquivos do cartafol “Public” con outros usuarios, de maneira que dous ou máis usuarios poderán traballar no mesmo documento desde lugares distintos.

Se queres descargar o programa e crear o teu disco virtual, segue as seguintes instrucións:


Entra na páxina de *Dropbox, <http://www.dropbox.com/>




1) Abrirase unha fiestra preguntándonos se queremos gardar o arquivo:



3) Terminada la descarga, buscamos el archivo en nuestro ordenador, en el lugar que tengamos predeterminado para guardar las descargas (escritorio, Mis documentos, etc.):




4) Aceptamos todas as opcións que aparezan por defecto para instalar o programa, finalizada a instalación é conveniente que abramos un acceso directo no noso escritorio, para iso facemos clic en Inicio, ou no símbolo de Windows se temos a versión Vista ou 7, clic en “Todos os programas” e buscamos Dropbox:



5) Por defecto aparecen dous cartafois “Public” e “Photos” nestes cartafois gardaremos arquivos que queiramos compartir con outras persoas, por exemplo, enviando un enlace nun correo ou establecendo enlaces desde o noso blog ou web.

Os documentos privados gardámoslos en cartafóis creados ao efecto ás que poderemos acceder desde calquera equipo conectado a Internet, pero tecleando o noso email e contraseñal. Abrimos o disco virtual facendo dobre clic sobre o acceso directo e creamos un cartafol.




6) Acceso desde outro computador. Tecleamos a dirección de Dropbox <http://www.dropbox.com/>, chegaremos á seguinte páxina na que deberemos identificarnos:




Ábrese o noso disco virtual e accedemos aos arquivos.


7) Un aspecto moi interesante é a posibilidade de compartir arquivos con outras persoas para traballar conxuntamente, faise da seguinte forma:




8) Asignamos un nome ao cartafol que imos compartir:



9) Enchemos os datos que nos piden:



10) Aparece o novo cartafol no disco virtual. A persoa á que invitamos recibirá unha mensaxe no seu correo e poderá acceder ao cartafol compartido e traballar nos documentos que conteña.



Dropbox, un disco virtual por Manuel Rodríguez Aira se encuentra bajo una Licencia [Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-SinObraDerivada 3.0 Unported](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/).